# Óscar Pereiro “Non hai quen mande no ciclismo”



*Gañou o Tour do 2006, logo dunha polémica internacional desencadeada pola dopaxe descuberta ao corredor nortemaericán Floyd Landis. Óscar Pereiro, o ciclista de Mos (Pontevedra), garda a ilusión de volver a gañalo doutra maneira. Nesta entrevista amósase como o home sincero que é.*

Perfecto Conde

*–¿Como viviu esa experiencia do Tour que por fin puido gañar?*
–Aquilo pasou o 23 de xullo de 2006 e eu empecei a ser eu mismo o vinte e tantos de xullo do 2007, unha vez que houbo outra edición do Tour. Cando me confirmaron como gañador, ese apartado xa deixou de ser importante na miña vida. É algo co que vou convivir sempre, un éxito tan importate, pero xa pasou.
*–¿Foi un capítulo intenso da súa vida?*
–É como o que quere facer unha autoestrada e atopa rochas e máis rochas. Sabes onde está a peaxe, pero non dás chegado. Coido que pagamos demasiada peaxe por conseguir un éxito.
*–Peaxe e algúns cravos na estrada, xa que estamos coas metáforas. Como aquelas famosas insinuacións do xornal francés. ¿Ou non?*
–Todo aquel tema do Ventolín, cada día estou máis convencido de que foi unha xudiada para atrasar o meu recoñecemento como gañador do Tour e, sobre todo, para restarnos publicidade.
*–¿Quedoulle algunha dor especial derivada de todo iso?*
–Non, as cousas pasan. É verdade que perdín, perdemos o equipo enteiro, o momento de vivir algo que sería inolvidable para todos.
*–¿Volveu ter algún contacto con Landis?*
–Non puiden volver falar con el. Non deixa de ser unha persoa que non matou a ninguén. Equivocouse e xa cumpriu abonda condena.

*–¿Cómo ha vivido esa experiencia del Tour que al fin pudo ganar?*
–Aquello fue el 23 de julio de 2006 y yo empecé a ser yo mismo el veintitantos de julio de 2007, una vez que hubo otra edición del Tour. Cuando me confirmaron como ganador, ese apartado ya dejó de ser importante en mi vida. Es algo con lo que voy a convivir siempre, un éxito tan importante, pero ya pasó.
*–¿Fue un capítulo intenso de su vida?*
–Es como el que quiere hacer una autopista y se encuentra rocas y más rocas. Sabes donde está el peaje, pero no has llegado. Creo que pagamos demasiado peaje por conseguir un éxito.
*–Peaje y algunos clavos en la carretera, ya que estamos con las metáforas. Como aquellas famosas insinuaciones del periódico francés. ¿O no?*
–Todo aquel tema del Ventolín, cada día estoy más convencido de que fue una jugarreta para retrasar mi reconocimiento como ganador del Tour y, sobre todo, para restarnos publicidad.
*–¿Le quedó algún dolor especial derivado de todo eso?*
–No, las cosas pasan. Es verdad que perdí, perdimos el equipo entero, el momento de vivir algo que hubiera sido inolvidable para todos.
*–¿Volvió a tener algún contacto con Landis?*
–No pude volver a hablar con él. No deja de ser una persona que no ha matado a nadie. Se ha equivocado y ha cumplido ya bastante condena.

entrevista



PERFECTO CONDE

# Óscar Pereiro “No hay quien mande en el ciclismo”

*Ganó el Tour del año 2006 después de toda una polémica internacional desencadenada por el dopaje descubierto al corredor norteamericano Floyd Landis. Óscar Pereiro, el ciclista de Mos (Pontevedra), mantiene la ilusión de volver a ganarlo de otra manera. En esta entrevista se muestra como el hombre sincero que es.*

–*E agora de novo ao Tour.*

–Agora volvo ser o que era antes, a gozar da bicicleta e dos adestramentos, e a ter uns obxectivos igual de ambiciosos ca os de antes. Porque antes o meu obxectivo non era gañar o Tour. Era ser protagonista no Tour. E, sendo protagonista no Tour, pódense conseguir grandes cousas. Volvo a unha carreira que mo deu todo cunha cabeza diferente, pero sen sentirme coa responsabilidade de favorito.

–*¿Con que ánimo vai este ano ao Tour?*

–Coas ganas de devolverlle ao equipo a aposta que volveu facer por min renovándome o ano pasado, aínda sen facer un ano espectacular. Intentarei aproveitar as miñas oportunidades, pero non me vou poñer metas. Eu sei que podo facer algo grande no Tour, pero imos facelo e logo celebralo. Non quero cometer os erros do ano pasado.

–*¿Cales?*

–O de entrar no xogo da Prensa. Dende que Indurain se retirou, a Prensa está buscando xente para “vender”, e eu entrei no xogo que igual non tiña que entrar. Cando un entra no xogo de que pode ser favorito a gañar o Tour hai que pensalo moi ben porque estamos a falar palabras maiores. Coido que esa responsabilidade e esa vixilancia a que fun sometido polo menos non souben levala, ou dalgún xeito non me funcionou.

–*Ya ahora de nuevo al Tour.*

–Ahora vuelvo a ser el que era antes, a disfrutar de la bicicleta y de los entrenamientos, y a tener unos objetivos igual de ambiciosos que antes. Porque antes mi objetivo no era ganar el Tour. Era ser protagonista en el Tour. Y, siendo protagonista en el Tour, se pueden conseguir grandes cosas. Vuelvo a una carrera que me lo dio todo con una cabeza diferente, pero sin sentirme con la responsabilidad de favorito.

–*¿Con que ánimo va este año al Tour?*

–Con ganas de devolverle al equipo la apuesta que volvió a hacer por mí renovándome el año pasado aún sin hacer un año espectacular. Intentaré aprovechar mis oportunidades, pero no me voy a poner metas. Yo sé que puedo hacer algo grande en el Tour, pero vamos a hacerlo y después celebrarlo. No quiero cometer los errores del año pasado.

–*¿Cuáles?*

–El de entrar en el juego de la Prensa. Desde que Indurain se retiró, la Prensa está buscando gente para “vender”, y yo entré en un juego en el que igual no debería haber entrado. Cuando uno entra en el juego de que puede ser un favorito para ganar el Tour hay que pensarlo muy bien porque estamos hablando de palabras mayores. Y yo creo que esa responsabilidad y esa vigilancia a que fui sometido por lo menos no supe llevarla o de alguna manera no me funcionó.

PERFECTO CONDE



A Óscar Pereiro gústalle moito xogar co seu fillo. | A Óscar Pereiro le gusta mucho jugar con su hijo.

*–¿Cómo anda o ciclismo español?*
–A nivel deportivo temos un corredor que está marcando o nivel mundial, Alberto Contador, que inxustamente non participa no Tour por unha guerra da que non paga a pena falar. Con Alejandro, que é un corredor que ilusiona a moitísima xente e ten calidades para facer moitísimas cousas. Con Freire, etc. A nivel deportivo está moi ben o ciclismo español. A nivel social estamos conseguindo que a xente vexa unha cara do ciclismo que eu coido que non é a real. Cada día estamos vendo novas que venden máis ca o tema deportivo e iso é un erro pola nosa parte, pero sobre todo o gran problema deste ciclismo é que agora mesmo non hai ninguén que mande. Aquí son todos e cadanseu a tirar da corda para un lado e por puro interese económico e publicitario do que é o ciclismo mundial, que pesa moito, e, mentres que isto non se solucione, os problemas que temos arredor noso van ter o dobre de importancia.
*–¿Por que se puxo tanto o foco nalgúns aspectos escandalosos do ciclismo, como pode ser o tema da dopaxe?*
–En 1998, o ciclismo cometeu o erro delle intentar demostrar ao mundo o que se cadra non se podía demostrar. Se tiu intentas barrer a túa casa e mostrala sen limpala antes, corres o risco de que alguén abra unha porta e vexa que algo está sucio. No ciclismo cometéronse erros como o de abrir as portas a controis de sangue e de ouriños, e entramos na dinámica de que temos que demostrar que estamos limpos e que estamos xogando dalgunha maneira sen trampas, cando o resto do deporte o único que lle importa é non facer trampas. Non tés que demostrar que non as estás facendo. E logo, que somos un deporte no que a hipocrisía está ao máximo nivel e aquí alegrámonos das desgrazas dos outros. O ciclismo é un deporte moi duro no que se sofre moitísimo e no que, ás veces, do anonimato á gloria hai un paso moi curto, e hai xente que pode caer na tentación de intentar ir por un camiño máis rápido ca o resto, pero igual nos están apuntando e atacando dunha maneira moi directa a nós, esquecéndose do resto. Non se está medindo igual a todo o mundo. Estamos lendo positivos de xogadores de jockey-herba e ocupan unha esquina. Positivos de xogadores de fútbol que non erguen tanta ou ningunha poeirada. Estamos a ver que na Fórmula 1 hai espionaxe e non pasa nada. Parece que o único que fai trampas é o ciclismo e simplemente por iso, por intentar demostrar o que eu creo que non debemos demostrar. Aquí cada un temos que pasar os con-

*–¿Cómo anda el ciclismo español?*
–A nivel deportivo tenemos un corredor que está marcando el nivel mundial, Alberto Contador, que injustamente no participa en el Tour por una guerra de la que no vale la pena ni hablar. Con Alejandro, que es un corredor que ilusiona a muchísima gente y tiene cualidades para hacer muchísimas cosas. Con Freire, etc. A nivel deportivo, está muy bien el ciclismo español. A nivel social estamos consiguiendo que la gente vea una cara del ciclismo que yo creo que no es la real. Cada día estamos viendo noticias que venden más que el tema deportivo y eso es un error por nuestra parte, pero sobre todo el gran problema de este ciclismo es que ahora mismo no hay nadie que mande. Aquí son todos y cada uno a tirar de la cuerda para un lado y por puro interés económico o publicitario de lo que es el ciclismo mundial, que pesa mucho, y, mientras que eso no se solucione, los problemas que tenemos alrededor van a tener el doble de importancia.
*–¿Por qué se ha puesto tanto el foco en algunos aspectos escandalosos del ciclismo, como puede ser el tema del dopaje?*
–En 1998, el ciclismo cometió el gran error de intentar demostrar al mundo lo que igual no se podía demostrar. Si tu intentas barrer tu casa y mostrarla sin haberla limpiado antes, corres el riesgo de que alguien abra una puerta y vea que algo está sucio. En el ciclismo se cometieron errores como el de abrir las puertas a controles sanguíneos y de orina, y entramos en la dinámica de que tenemos que demostrar que estamos limpios y que estamos jugando de alguna manera sin trampas, cuando en el resto del deporte lo único que importa es no hacer trampas. No tienes que demostrar que no las estás haciendo. Y después que somos un deporte en el que la hipocresía está al máximo nivel y aquí nos alegramos de las desgracias de otros. El ciclismo es un deporte muy duro en el que se sufre muchísimo y en el que a veces del

entrevista

PERFECTO CONDE



Óscar sempre di que María, a súa muller —na foto co fillo da parella—, é unha persoa clave na súa vida. | Óscar siempre dice que María, su mujer —en la foto con el hijo de la pareja—, es una persona clave en su vida.

trois, como no resto dos deportes, e o que queira facer deporte de alto nivel e conservar a saúde, que se vaia para a casa. Aquí está claro que, cando sometes o teu corpo a horas de máximo nivel, sabes que estás correndo máis risco ca unha persoa que está na súa casa. Desgastas o corpo e, dalgunha maneira, os anos pasan máis rápido por ti.

*—¿Que habería que facer?*

—Eu sempre digo que, dentro da legalidade, vou tomar todo o posible para sufrir o mínimo e para andar o máximo posible. Iso é a crúa realidade e para algo hai unha lista de substancias prohibidas e non prohibidas. É unha parvada dicir que non se toma nada. Se un non tomase nada, evidentemente estaría anémico todo o ano.

*—¿Hai un ciclismo galego?*

—Haino, e non esquenzamos que en Galicia hai tres gañadores da Volta a España e un do Tour. Do Tour de Francia só hai cinco españois que o conseguiron, e un deles é galego. Hai pouco, Ezequiel Mosquera deulle a vitoria ao Karpin en Alcobendas. David García dáballa en Turquía. Un equipo só galego a día de hoxe é complicado, pero se se segue traballando coa base ¿por que non?

*—¿A Xunta promove debidamente o ciclismo ou podería facer máis?*

—Máis sempre se pode facer. Pero tamén se pode facelo noutros deportes. Coido que a Xunta debería convidar as empresas privadas a entrar neste tipo de proxectos. O diñeiro público debería destinarse a outro tipo de cousas. Por outro lado, no 2006, a Volta a España volveu a Galicia.

*—Cando un deportista coma vostede vai polo mundo adiante, ¿séntese apoiado polos galegos?*

—Si. Pasoume o outro día en Suiza. Estás no autobús e ves un grupo de xente no que todos son galegos. Van ver un paisano que

anonimato a la gloria hay un paso muy corto, y hay gente que puede caer en la tentación de intentar ir por un camino más rápido que el resto, pero igual nos están apuntando y atacando de una manera muy directa a nosotros olvidándose del resto. No se está midiendo a todo el mundo por igual. Estamos leyendo positivos de jugadores de jockey-hierba y ocupan una esquina. Estamos viendo positivos de jugadores de fútbol que no levantan tanta o ninguna polvareda. Estamos viendo que en la Fórmula 1 hay espionaje y no pasa nada. Parece que el único que hace trampas es el ciclismo y simplemente por eso, por intentar demostrar lo que yo creo que no debemos demostrar. Aquí cada uno tenemos que pasar los controles, como en el resto de los deportes, y el que quiera hacer deporte de alto nivel y conservar su salud que se vaya a su casa. Aquí está claro que, cuando sometes tu cuerpo a horas de máximo nivel, sabes que estás corriendo más riesgo que una persona que está en su casa. Desgastas tu cuerpo y, de alguna manera, los años pasan más rápido por ti.

*—¿Qué habría que hacer?*

—Yo siempre digo que, dentro de la legalidad, voy a tomar todo lo posible para sufrir lo mínimo y para andar lo máximo posible. Eso es la cruda realidad y para algo hay una lista de sustancias prohibidas y no prohibidas. Es una tontería decir que no se toma nada. Si no tomara nada, evidentemente estaría anémico todo el año.

*—¿Hay un ciclismo gallego?*

—Sí, no olvidemos que en Galicia hay tres ganadores de la Vuelta a España y uno del Tour. Del Tour de Francia sólo hay cinco españoles que lo hayan conseguido y uno de ellos es gallego. Hace poco, Ezequiel Mosquera le daba la victoria al Karpin en Alcobendas. David García se la daba en Turquía. Un equipo sólo gallego, a día de hoy, es complicado, pero en el futuro si se sigue trabajando con la base ¿por qué no?

*—¿Promueve debidamente el ciclismo la Xunta o se podría hacer más?*

—Más siempre se puede hacer. Pero más también se puede hacer en otros deportes. Creo que la Xunta debería invitar a las empresas privadas a entrar en este tipo de proyectos. El dinero público se debería destinar a otro tipo de cosas. Por otro lado, desde el 2006, la Vuelta a España ha vuelto a Galicia.

*—Cuando un deportista como usted va por el mundo adelante ¿siente que lo apoyan los gallegos?*

—Sí. Me pasó el otro día en Suiza. Estás en el autobús y ves un grupo de gente en el que todos son gallegos. Van a ver a un paisa-







Tres momentos das pedaladas iniciais do único galego que gañou o Tour. | Tres momentos de las pedaladas iniciales del único gallego que ganó el Tour.

logrou triunfar. En París, o mesmo. Os galegos estamos por todos os sitios, e coido que nos seguimos querendo todos.

*–¿Como lle cambiou a vida dende que é un ciclista moi coñecido?*

–Intento cambiar o menos posible os meus hábitos de vida. Evidentemente, ser famoso é bo. Sínteste afagado porque a xente recoñécete non por ter un cargo político nin por saír espido nunha poprtada senón por cumprires un éxito profesional no que a xente está contigo. Por outra banda, moitas veces queres ter unha intimidade que non acadas e tes que oír os típicos comentarios da xente que antes non sabía quen eras e agora es unha referencia para eles. Un amigo acaba de preguntarme cal era a marca dunha cazadora que levaba o outro día. Estas cousas antes non me pasaban. Eu son un tío que me gusta moitísimo a moda. Cando vía a Beecham intentaba buscar en Internet como vestía. Agora pode suceder que haxa xente que queira saber que marca vistes ou cousas túas que antes pasaban desapercibidas.

*–Supoño que, máis cás mulleres, a vostede perseguirano os políticos.*

–Polo menos dunha maneira máis directa e acosadora. Non pasa con todos, pero cada vez que hai un evento importante e poden sacar unha foto contigo, non dubidan en chamarte.

*–¿Como era o ambiente no que foi medrando e facéndose ciclista famoso?*

–Aos tres anos empecei a dar as miñas primeiras pedaladas, aos catro a xogar fútbol e non dubidaba en apuntarme a unha carreira de atletismo ou en meterme nunha carreira de natación. Sempre me gustaba andar con xente moitísimo maior ca min. Con seis ou sete anos, os meus amigos tiñan quince. Fun sempre un bo estudante ata oitavo de EXB, e fixen todo tipo de deporte. Logo tiven a idade do pavo e de veras que foi complicada. Antes de cumprir 18 anos, coñecín a María, a miña muller, que era abondo máis responsable ca min e estudiaba unha carreira e organizábase moi ben. Nese momento eu andaba máis de copas cos amigos que querendo ser ciclista e deixara os estudos en segundo de delineación. O meu futuro era complicado e María, nese momento, púxome as pílas e díxome: "Olla, se queres conseguir algo, ponte a facelo, e, senón, ponte a traballar e non enganes os teus pais nin a ninguén". Foi daquela cando empecei a coidarme e a pensar que podía chegar a ser alguén. Sempre digo que María é unha persoa clave na miña vida, sobre todo por darme a estabilidade que me deu. G

no que consiguió triunfar. En París, lo mismo. Los gallegos estamos por todas partes y creo que nos seguimos queriendo todos.

*–¿Cómo ha cambiado su vida desde que es un ciclista muy conocido?*

–Intento cambiar lo menos posible mis hábitos de vida. Evidentemente, ser famoso es bueno. Te sientes halagado porque la gente te reconoce, no por tener un cargo político ni por haber salido en una portada desnudo sino por haber cumplido un éxito profesional en el que la gente está contigo. Por otro lado, muchas veces quieres tener una intimidad que no alcanzas y tienes que oír los típicos comentarios de la gente que antes no sabía quién eras y ahora eres para ellos una referencia. Un amigo me acaba de preguntar cuál era la marca de una cazadora que llevaba puesta el otro día. Estas cosas antes no me pasaban. Yo soy un tío al que me gusta muchísimo la moda. Cuando veía a Beckham intentaba buscar en Internet como se vestía. Ahora puede suceder que haya gente que quiera saber con que marca vistes o cosas tuyas que antes pasaban desapercibidas.

*–Supongo que más que las mujeres a usted lo perseguirán los políticos.*

–Por lo menos de una manera más directa y acosadora. No pasa con todo el mundo, pero cada vez que hay un evento importante y pueden sacarse una foto contigo no dudan en llamarte.

*–¿Cómo era el ambiente en el que fue creciendo y haciéndose ciclista famoso?*

–A los tres años empecé a dar mis primeras pedaladas, a los cuatro a jugar al fútbol y no dudaba en apuntarme a una carrera de atletismo o a meterme en una carrera de natación. Siempre me gustaba andar con gente muchísimo mayor que yo. Con seis o siete años, mis amigos tenían quince. Siempre fui un buen estudiante hasta octavo de EGB, e hice todo tipo de deporte. Después tuve la edad del pavo y la verdad es que fue complicada. Antes de cumplir los 18 años conocí a María, mi mujer, que era bastante más responsable que yo y estudiaba una carrera y se organizaba muy bien. En ese momento yo estaba más de copas con mis amigos que queriendo ser ciclista y había dejado los estudios en segundo de delineación. Mi futuro era complicado y María en ese momento me puso las pilas y me dijo: "Mira, si quieres conseguir algo ponte a ello o, si no, ponte a trabajar y no engañes a tus padres ni a nadie". Fue a raíz de eso cuando empecé a cuidarme y a pensar que podía llegar a ser alguien. Siempre digo que María es una persona clave en mi vida, sobre todo por darme la estabilidad que me dio. G